FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.	Realiza experiencias sinxelas para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo		x		1,62	Observación directa, informe de laboratorio	Lista de control OD, rúbrica IL	CMCCT CSIEE CD CCL CAA CSC	CL EOE CA TIC E ECC
FQB4.6.1. Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo.	Asocia a forza cos cambios na velocidade dun corpo.		x		0,54	Observación directa, debate	Lista de control OD, rexistro anecdótico debate	CMCCT	
FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.	Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centrípeta en casos sinxelos.		x		1,62	Proba escrita, observación directa	Corrección PE, lista de control OD	CMCCT	
FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.	Representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano en casos sinxelos, abordando o cálculo da aceleración.		x		1,08	Proba escrita, observación directa	Corrección PE, lista de control OD	CMCCT	
FQB4.8.1. Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton.	Coñece as leis de Newton.		x		1,08	Proba escrita, observación directa	Corrección PE, lista de control OD	CMCCT	
FQB4.8.2. Deduce a primeira lei de Newton como consecuencia do enunciado da segunda lei.	Comprende a relación entre as leis de Newton segunda e primeira.		x		0,54	Observación directa	Lista de control OD	CMCCT	
FQB4.8.3. Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en situacións de interacción entre obxectos.	Identifica as forzas de acción e reacción en situacións de interacción entre obxectos en casos sinxelos.		x		0,54	Proba escrita, observación directa	Corrección PE, lista de control OD	CMCCT	
FQB4.9.1. Xustifica o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos.	Aplica a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos en casos sinxelos.		x		1,08	WQ Satélites artificiais, proba escrita, observación directa	Rúbrica WQ satélites artificiais, Corrección PE, lista de control OD	CMCCT	

PDA FQ 2019-20

FQB4.9.2. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.	Relaciona o concepto da aceleración da gravidade coa lei da gravitación universal.		x		1,08	Proba escrita, observación directa	Corrección PE, lista de control OD	CMCCT	
FQB4.10.1. Razona o motivo polo que as forzas gravitatorias producen nalgúns casos movementos de caída libre e noutros casos movementos orbitais.	Comprende que é a mesma forza a que produce nalgúns casos movementos de caída libre e noutros casos movementos orbitais.		x		1,08	WQ Satélites artificiais, proba escrita, observación directa	Rúbrica WQ satélites artificiais, Corrección PE, lista de control OD	CMCCT	
FQB4.11.1. Describe as aplicacións dos satélites artificiais en telecomunicacións, predición meteorolóxica, posicionamento global, astronomía e cartografía, así como os riscos derivados do lixo espacial que xeran.	Coñece algunhas aplicacións dos satélites artificiais.		x		0,54	WQ Satélites artificiais, observación directa	Rúbrica WQ satélites artificiais, lista de control OD	CMCCT CSC	ECC
FQB4.12.1. Interpreta fenómenos e aplicacións prácticas nas que se pon de manifesto a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante.	Coñece algún fenómeno no que se pon de manifesto a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante.		x		0,54	Observación directa	Lista de control OD	CMCCT	
FQB4.12.2. Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que se apoia; compara os resultados e extrae conclusións.	Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que se apoia en casos sinxelos.		x		1,08	Proba escrita, observación directa	Corrección PE con rúbrica de exercicios numéricos, lista de control OD	CMCCT	
FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poñen de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.	Coñece a relación entre a presión e a profundidade no seo dun fluído.		x		0,54	Observación directa, debate	Lista de control OD, rexistro anecdótico de debate	CMCCT	
FQB4.13.2. Explica o abastecemento de auga potable, o deseño dunha presa e as aplicacións do sifón, utilizando o principio fundamental da hidrostática.	Coñece algunhas aplicacións prácticas do principio fundamental da hidrostática.		x		1,08	Observación directa, proba escrita	Lista de control OD, corrección PE	CMCCT	
FQB4.13.3. Resolve problemas relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática.	Resolve algúns problemas sinxelos relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática.		x		0,54	Proba escrita, observación directa	Corrección PE con rúbrica de exercicios numéricos, lista de control OD	CMCCT	

PDA FQ 2019-20

FQB4.13.4. Analiza aplicacións prácticas baseadas no principio de Pascal, como a prensa hidráulica, o elevador, ou a dirección e os freos hidráulicos, aplicando a expresión matemática deste principio á resolución de problemas en contextos prácticos.	Coñece algunhas aplicacións prácticas sinxelas baseadas no principio de Pascal.		x		0,54	Proba escrita, observación directa, informe laboratorio.	Corrección PE, lista de control OD, rúbrica IL	CMCCT	
FQB4.13.5. Predí a maior ou menor flotabilidade de obxectos utilizando a expresión matemática do principio de Arquímedes, e verifica experimentalmente nalgún caso.	Coñece a expresión matemática do principio de Arquímedes e como aplicala en algúns casos sinxelos.		x		1,62	Proba escrita, observación directa, informe laboratorio.	Corrección PE con rúbrica de exercicios numéricos, lista de control OD, rúbrica IL	CMCCT	
FQB4.14.1. Comproba experimentalmente ou utilizando aplicacións virtuais interactivas a relación entre presión hidrostática e profundidade en fenómenos como o paradoxo hidrostático, o tonel de Arquímedes e o principio dos vasos comunicantes.	Realiza algunhas experiencias sinxelas relacionadas coa estática de fluídos.		x		0,54	Observación directa, informe laboratorio.	Lista de control OD, rúbrica IL	CMCCT CD	CA TIC
FQB4.14.2. Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor.	Interpreta o papel da presión atmosférica en algunhas experiencias sinxelas.		x		0,54	Observación directa, informe de laboratorio.	Lista de control OD, rúbrica IL	CCEC CMCCT	
FQB4.14.3. Describe o funcionamento básico de barómetros e manómetros, e xustifica a súa utilidade en diversas aplicacións prácticas.	Comprende o funcionamento de manómetros e barómetros e o seu uso.		x		1,62	Proba escrita, observación directa	Corrección proba escrita, lista de control OD	CMCCT	
FQB4.15.1. Relaciona os fenómenos atmosféricos do vento e a formación de frentes coa diferenza de presións atmosféricas entre distintas zonas.	Relaciona fenómenos atmosféricos cos cambios de presión.		x		0,54	Observación directa, debate	Lista de control OD, rexistro anecdótico debate	CMCCT	
FQB4.15.2. Interpreta os mapas de isóbaras que se amosan no prognóstico do tempo, indicando o significado da simboloxía e os datos que aparecen nestes.	Interpreta mapas de isóbaras sinxelos nos que se amosa o prognóstico do tempo.		x		0,54	Observación directa, debate	Lista de control OD, rexistro anecdótico debate	CMCCT	
Bloque 5. A enerxía									
FQB5.1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.	Resolve problemas sinxelos de enerxía cinética e potencial gravitatoria aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.			x	1,08	Proba escrita, observación directa	Corrección PE con rúbrica de exercicios numéricos, lista de control OD	CMCCT	
FQB5.1.2. Determina a enerxía disipada en forma de calor en	Asocia as perdas en forma e calor			x	1,08	Proba escrita, observación	Corrección PE con rúbrica de	CMCCT	

PDA FQ 2019-20

situacións onde diminúe a enerxía mecánica.	coa diminución da enerxía mecánica.					directa	exercicios numéricos, lista de control OD		
FQB5.2.1. Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do seu significado científico.	Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía.			x	0,54	Observación directa	Lista de control OD	CMCCT	
FQB5.2.2. Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía en forma de calor ou en forma de traballo.	Comprende as diferenzas entre os intercambios de enerxía en forma de calor ou de traballo.			x	0,54	Observación directa, WQ máquinas térmicas	Lista de control OD, rúbrica WQ máquinas térmicas	CMCCT	
FQB5.3.1. Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.	Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza en casos sinxelos expresando o resultado en unidades do Sistema Internacional.			x	1,08	Proba escrita, observación directa	Corrección PE con rúbrica de exercicios numéricos, lista de control OD	CMCCT	
FQB5.4.1. Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinar a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, e representar graficamente estas transformacións.	Describe algunhas das transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía.			x	1,08	Proba escrita, observación directa	Corrección PE con rúbrica de exercicios numéricos, lista de control OD	CMCCT	
FQB5.4.2. Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico.	Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura.			x	1,08	Proba escrita, observación directa	Corrección PE con rúbrica de exercicios numéricos, lista de control OD	CMCCT	
FQB5.4.3. Relaciona a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura utilizando o coeficiente de dilatación lineal correspondente.	Coñece o concepto de coeficiente de dilatación lineal.			x	0,54	Observación directa	Lista de control OD	CMCCT	
FQB5.4.4. Determina experimentalmente calores específicos e calores latentes de substancias mediante un calorímetro, realizando os cálculos necesarios a partir dos datos empíricos obtidos.	Determina calores específicos e calores latentes de substancias mediante un calorímetro en experiencias sinxelas de laboratorio.			x	0,54	Observación directa, informe de laboratorio.	Lista de control OD, rúbrica IL	CMCCT CAA	
FQB5.5.1. Explica ou interpreta, mediante ilustracións ou a partir delas, o fundamento do funcionamento do motor de	Comprende o fundamento do funcionamento do motor de explosión			x	0,54	Observación directa, WQ máquinas térmicas	Lista de control OD, rúbrica WQ máquinas térmicas	CMCCT	

explosión.									
FQB5.5.2. Realiza un traballo sobre a importancia histórica do motor de explosión e preséntao empregando as TIC.	Realiza un traballo sobre a importancia histórica do motor de explosión.			x	0,54	Observación directa, WQ máquinas térmicas	Lista de control OD, rúbrica WQ máquinas térmicas	CAA CMCCT CD CCL CSC CCEC	CL EOE CA TIC ECC
FQB5.6.1. Utiliza o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o traballo realizado por unha máquina térmica.	Entende a relación entre a enerxía absorbida e o traballo realizado por unha máquina térmica.			x	0,54	Observación directa, WQ máquinas térmicas	Lista de control OD, rúbrica WQ máquinas térmicas	CMCCT	
FQB5.6.2. Emprega simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes máquinas, e expón os resultados empregando as TIC.	Emprega simulacións virtuais interactivas sinxelas para determinar a degradación da enerxía en diferentes máquinas.			x	0,54	Observación directa, WQ máquinas térmicas	Lista de control OD, rúbrica WQ máquinas térmicas	CMCC T CD CCL	CL EOE CA TIC

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

5.1 LIÑAS XERAIS

A metodoloxía estará orientada a conseguir que o alumnado asimile de xeito significativo os contidos da materia. Para iso empregárase a concepción construtivista da aprendizaxe. Este xeito de aprendizaxe supón que o profesor non é un mero transmisor de coñecementos mentres que o alumno queda relegado a un simple suxeito pasivo, senón que se ha de buscar o equilibrio entre ambos para que o alumnado participe tamén activamente. Isto non significa que non se poida empregar o modelo clásico de transmisión verbal de coñecementos en certas circunstancias e momentos.

O método de traballo partirá dos estándares de aprendizaxe adquiridos nos cursos anteriores da ESO, adaptándose posteriormente á diversidade atopada na aula e o resultado da avaliación inicial efectuada, secuenciándose o ensino de tal modo que se parta das aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara outras máis complexas, respectando os ritmos e estilos de aprendizaxe.

Potenciaranse as metodoloxías activa e autónomas por parte do alumnado para despertar

e manter a motivación cara á aprendizaxe, xerando neles a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores presente nas competencias clave, combinando primeiramente un traballo individual e cooperativo para a realización de un proxecto, propoñendo un plan de acción para conseguir un determinado resultado práctico a determinar o inicio de cada avaliación.

Os métodos efectuaranse co profesor como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado, introducindo e facilitando todo tipo de axuda cara a información/enlaces/link/etc. necesarios para búsqueda, lectura da información e comprensión do que aprende , enfocándose á realización de tarefas, actividades e resolución de problemas, facilitando a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, apoiando unha estrutura de aprendizaxe cooperativa, a través da resolución conxunta das tarefas maioritariamente co uso habitual das TIC.

O alumnado terá que usar un portfolio, onde recollera as acción a seguir en cada unidade, resumos dos contidos analizados, documentación/páxinas web/links/ect. utilizadas ou calquera outra información sobre a aprendizaxe por parte do alumnado, medio para avaliar e de uso para compartir os resultados de aprendizaxe co resto do alumnado.

Posteriormente, utilizarase unha estratexia interactiva, permitindo a construción do coñecemento e a dinamización da sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas, exposición dos proxectos ou traballos de investigación.

As liñas metodolóxicas xerais sobre as que se basea a programación deberán:

Motivación:

- Presentación da actividade con gráficos, debuxos, mapas, textos, fotos,...
- Realización dunha actividade práctica relacionada coa unidade.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado: presentación do guión a seguir polo alumnado, contidos, link, tarefas, actividades, proxecto, instrumentos avaliativos, ...
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

Traballo persoal:

- Lectura e comprensión de contidos: pps, textos, videos,...
- Análise de pequenas investigacións, documentos...

- Resolución de tarefas sinxelas de cada apartado dos contidos: test, problemas,...
- Realización de actividades cualificables a finalización de cada bloque de contidos: test, problemas,... de cualificación inmediata ou de cualificación tras reenvío.
- Resumo/síntese da información, mediante a elaboración de mapas conceptuais, mapas gráficas,...
- Memorización comprensiva.
- Realización do proxecto ou investigacións.

Avaliación:

- Análise de producións: caderno, mapas, comentarios,...
- Traballos individuais: tarefas e actividades.
- Traballos en grupo.
- Observación do traballo na aula.
- Exposicións orais dos proxectos ou investigacións.

5.1 ESPAZOS

O proceso de ensino-aprendizaxe relativa a esta programación levará a cabo nos seguintes lugares:

Aula. Nela terán lugar as explicacións por parte do profesor e a resolución dos exercicios por parte dos alumnos. Tamén se desenvolverán nela os coloquios e debates.

Laboratorio. Onde levarán a cabo as prácticas de laboratorio. Tamén se realizará nel proxección dos DVD didácticos e a exposición de traballos usando o canón de vídeo.

Aula de informática. Nela levará a cabo a procura de información por parte do alumnado a través de Internet e a realización de actividades en liña.

Portas afora. Para a realización das visitas a industrias, instalacións científico-tecnolóxicas museos científicos ou exposición:

5.2 AGRUPAMENTO DOS ALUMNOS

As actividades que se expón na programación levarán a cabo mediante os seguintes agrupamentos:

Gran grupo: coloquios e debates.

Pequeno grupo (2-4): nos traballos de investigación e síntese, así como nas

prácticas de laboratorio e para a resolución de cuestións e problemas.

Individual: resolución de cuestións e problemas dos boletíns e lecturas de texto

5.3 **TEMPOS**

As sesións realizaranse nun intervalo de 50 minutos.

5.4 **ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE**

Nesta programación contémlanse entre outras posibles a realización dos seguintes tipos de actividades de ensino aprendizaxe:

Actividades de introdución motivación

Actividades de diagnóstico (coñecementos previos)

Actividades de desenvolvemento

Actividades de síntese

Actividades de avaliación específicas

Actividades de recuperación específicas

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN A USAR

Para aplicar a metodoloxía anteriormente descrita, nesta programación utilizaranse os seguintes recursos e materiais:

Libro de texto:

- 2º ESO: editorial SANTILLANA: "FÍSICA Y QUÍMICA", serie INVESTIGA.
ISBN:978-84-680-1952-9

-3º ESO: editorial VICENS VIVES: "FÍSICA Y QUÍMICA"; ISBN:978-84-682-3046-7

- 4º ESO:editorial SANTILLANA: "FÍSICA Y QUÍMICA", serie INVESTIGA.
ISBN:978-84-680-3790-5

Caderno de aula, no que tamén levarán a cabo os traballos de laboratorio.

Libros de consulta da biblioteca do centro, incluíndo textos doutras editoriais distintos ao

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

O proceso de avaliación é fundamental no desenrolo do curso e dentro da propia programación. Neste punto imos traballar sobre as avaliacións realizadas aos alumnos e un punto de partida que non se debe esquecer é realizar unha avaliación inicial ao principio do curso. Tamén neste punto centrarémonos no proceso de avaliación continua, en como se vai cualificar ao alumnado e os criterios que teremos en conta á hora de decidir a promoción dos alumnos/as. Servirá para realizar modificacións na programación, tanto nas estratexias metodolóxicas como na temporalización entre outros puntos, de cara a conseguir que os alumnos acaden os obxectivos previstos.

Na ESO a avaliación debe ser:

- **Continúa:** avaliarase o traballo diario dos alumnos/as co fin de detectar dificultades por parte destes e poder atallalas coa maior brevidade posible.
- **Obxectiva:** Levarase un rexistro de todo o que se avalía.

- **Variada:** como imos ver utilizaremos distintos procedementos de avaliación para ter a máxima información posible e abarcar todos os aspectos que teñen relevancia á hora de avaliar a un alumno.

O eixo central da avaliación son os estándares de aprendizaxe, como queda reflectido en puntos anteriores desta programación. Para avaliar estes estándares de aprendizaxe usaranse distintos procedementos e instrumentos de avaliación. No departamento de física e química usaranse os seguintes:

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Proba escrita (PE)	Corrección individual
Observación directa (OD)	Lista de control
Caderno de aula	Lista de control
Debate (D)	Rexistro anecdótico do debate
Informe de laboratorio (IL)	Rúbrica
Traballo individual/grupal (TI/TG)	

Criterios de cualificación

Para a cualificación teremos en conta:

- ✓ Realizaranse como normal xeral, dous exames durante cada trimestre. O alumno/a terá que obter unha nota mínima de 3 para poder facer media co outro/outros exames.
- ✓ As notas dos exames terá un valor do 70% sobre a nota final. O resto da cualificación corresponderá a informes de laboratorio, traballos, debates, caderno de aula, lecturas de texto e actitude de cara á materia.

- ✓ Nos exames non se valorará ningún exercicio que non este debidamente explicado, en ningún caso se valorará unha simple operación matemática. Se descontará unha parte da puntuación (0,25 puntos sobre 1) se non se poñen as unidades ou non se utilizan as unidades correctas. Débese contestar con letra ao que se pregunta.
- ✓ Os alumnos deberán obter un mínimo de 3 sobre 10 en cada exame para poder aprobar a materia.
- ✓ Si un alumno/a copia nun exame éste será retirado e a cualificación será 0. Esta medida poderá adoptarse a posteriori se a detección do fraude se comproba despois dos feitos. O prazo para a comunicación e aplicación desta norma será ata a entrega da nota ao alumnado. Porén, o alumno/a poderá recuperar es nota nunha proba posterior en data proposta polo profesorado ou na recuperación posterior xunto co resto do alumnado que non supere a proba.
- ✓ Esta medida será válida para a copia, plaxio, usurpación de identidade ou calquer instrumento de cualificación: traballos individuais ou en grupo, exames, exposicións, ... A medida será extensible ao alumnado que colabore por acción ou omisión nesta acción: deixarse copiar, facer traballos a outras persoas, ...
- ✓ Si un alumno/a non realiza o exame o día que estaba fixado deberá aportar un xustificante oficial para poder realizalo o día que marque o profesor/a.
- ✓ Empregaranse rúbricas para corrixir os traballos/informes que realice o alumno/a e consideraranse unha rúbrica aprobada cando acade o grado mínimo de consecución que aparece na táboa de estándares.
- ✓ A cualificación final do alumno/a será a media aritmética das notas das tres avaliacións sempre que estas superen o 3 pero non se fará media se obtén un 3 ou 4 na última avaliación. En caso contrario o alumno deberá facer en xuño un exame sobre a materia da avaliación/s nas que non acade a nota mínima. En caso de non acadar este valor a nota final será 4 ou inferior.
- ✓ Na avaliación extraordinaria de setembro so se terá en conta a nota do exame que debe ser 5 ou superior á 5.

A continuación preséntase unha táboa resume onde se indican claramente os criterios de cualificación :

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
Proba escrita (PE)	70 %
Observación directa (OD) e Debates (D)	5 %
Traballo en grupo (actividades de laboratorio ou outros traballos colaborativos)	10 %
Traballo individual (caderno de aula, traballos individuais e comentarios de texto)	15 %

Criterios de cualificación extraordinaria:

Os alumnos que non acaden unha avaliación positiva en xuño, poderán realizar, se o profesor/a o estima oportuno, as actividades propostas polo departamento de Física e Química durante o verán e encamiñadas á preparación da proba extraordinaria de setembro.

Realizarase unha única proba por nivel no día e hora fixados polo centro, e tratará sobre os contidos mínimos da programación.

Os criterios de cualificación da proba de setembro serán os seguintes:

-A proba cualificarase de 0 a 10 puntos.

-Considerarase aprobada a materia se o alumno acada unha cualificación igual ou superior a 5 puntos. Calquera nota inferior a 5 puntos será considerada insuficiente para superar a materia.

-Se a nota é inferior a 5 puntos, a cualificación numérica final será a mesma que a obtida no exame.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O profesorado avaliará, de forma variada, tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, establecéndose **indicadores de logro**, tales como rúbricas ou escalas de avaliación, incluíndo rangos dirixidos á avaliación de desempeños, que teñan en conta o principio de atención á diversidade.

Así mesmo, avaliará a programación didáctica en tódolos seus aspectos.

O profesorado avaliará, nas sesións de avaliación, os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe como indicador das competencias clave.

Para este curso vamos a propoñer o seguinte obxectivo:

✓ Lograr o cumprimento da **PDA** no referente ao cumprimento da temporalización prevista

Indicador de logro:

✓ Valoración da porcentaxe de cumprimento do obxectivo marcado.

Avaliación do proceso:

✓ O grado (%) de logro do obxectivo previsto será reflectido na **memoria do departamento** xunto coa análise das causas da desviación.

Este indicadores poden avaliarse nunha rúbrica como a seguinte:

Indicador	1 Non logrado	2 Logrado co mínimo esixible	3 Logrado parcialmente	4 Logrado totalmente

Rúbricas para avaliar o aprendizaxe do alumnado

Lista de control Observación Directa por alumno

Accións a avaliar	REXISTRO DE CUMPRIMENTO			OBSERVACIÓNS
	SI	NON	ALGUNHAS VECES	
Intégrase nos equipos de traballo.				
Participa activamente nos traballos en equipo.				
Ten unha actitude de respecto e tolerancia cos compañeiros e compañeiras.				
Entrega as actividades conforme aos criterios establecidos.				
Solicita axuda cando a necesita.				
Atende ás explicacións en clase				
Amosa interese polas tarefas propostas.				
Trata con coidado o material e as instalacións				

Registro anecdótico de debates

Data:	
Contexto:	
Alumno:	
Acontecemento:	

Rúbrica de avaliación de WebQuests

	Escasa consolidación (1)	Aprendizaxe media (2)	Boa aprendizaxe (3)	Excelencia (4)
Contidos	Non responderon todos os apartados	Responderon moi superficialmente	Nalgunhas explicacións falta reflexión	Responderon todo con moi bo nivel
Presentación	Sen ningunha imaxe, sen elaborar	Poucas imaxes, demasiado monótono	Algunhas imaxes pero poderían ser máis	Moi bien elaborado estéticamente
Presentación oral (cando proceda)	Limitáanse a ler o traballo sen interactuar cos oíntes	Len parcialmente o traballo mirando ás veces os oíntes	Len moi pouco o traballo e miran constantemente aos oíntes mostrando dominio do tema	Presentación oral fluida mirando constantemente aos oíntes e entreteñen e manteñen a atención dos oíntes
Redacción	Difícil de entender	Enténdese pero tiene erros	Fluida pero con algún erro	Fluida con bo nivel
Traballo en	Demasiado traballo indivi-	Reparto de tarefas coordina-	Relacionan contidos pero falta cohe-	Ben discutido e planificado

equipo	dual	do, pero falta revisión global	rencia final	desde o papel de cada un
Investigación	So unha fonte	So dúas fontes	Podían usar máis fontes	Moitas fontes
Conclusións	Non hai conclusión	Hai unha conclusión confusa	Hai unha conclusión cunha solución	Hai una conclusión elaborada con moitas solucións

Rúbrica de avaliación de informes de laboratorio

	Escasa consolidación (1)	Aprendizaxe media (2)	Boa aprendizaxe (3)	Excelencia (4)
Introdución do problema de estudo	Non se corresponde co traballo a realizar.	Está identificado parcialmente.	Está identificado pero non de forma clara.	Está identificado claramente.
Material	Incompleto e sen imaxes	Incompleto pero con algunhas imaxes	Completo pero faltan algunhas imaxes	Completo con todas as imaxes
Procedemento	Non se corresponde co traballo feito no laboratorio	Está descrito de forma incompleta.	Está descrito pero non ordenado.	Está descrito claramente e ben ordenado.
Redacción	Difícil de entender.	Enténdese pero ten erros.	Fluida pero con algún erro.	Fluida con bo nivel.
Presentación	Sen elaborar.	Demasiado monótona.	Correcto, pero podería estar máis elaborado.	Moi ben elaborado estéticamente.

Conclusións	Non hai conclusión.	Hai unha conclusión confusa.	Hai unha conclusión cunha solución.	Hai unha conclusión elaborada con moitas solucións.
-------------	---------------------	------------------------------	-------------------------------------	-----------------------------------------------------

Rúbrica de avaliación de actividades en proba escrita

Porcentaxe da puntuación da pregunta	25% (1)	50% (2)	75%(3)	100% (4)
Problemas numéricos	So pon a fórmula de que debe utilizar ou desenvolve o problema pero con erro de concepto.	Pon a fórmula e substitúe os datos correctamente pero non chega ao resultado.	Desenvolve o problema correctamente pero falla no cálculo ou nas unidades, sen erro conceptual.	Desenvolve o problema de forma correcta e completa incluíndo resultado final e unidades.
Preguntas curtas e tipo test con razoamento	Acerta na resposta pero non hai razoamento.	O razoamento está incompleto.	Razoamento correcto pero redactado de forma confusa ou razoamento correcto con resposta elixida equivocada.	A resposta é correcta. O razoamento é completo e está moi ben redactado.

Lista de control do caderno de aula

Accións a avaliar	REXISTRO DE CUMPRIMENTO			OBSERVACIÓNS
	SI	NON	ALGUNHAS VECES	
Ten tódolos resúmenes propostos				
Ten tódalas actividades propostas				
A libreta está limpa e coidada				
Copia os enunciados dos exercicios propostos				
Ten as actividades correxidas				
As gráficas e/ou debuxos son clar@s				

Lista de control de traballos cooperativos orais

Accións a avaliar	REXISTRO DE CUMPRIMENTO			OBSERVACIÓNS
	SI	NON	ALGUNHAS VECES	
Intégrase no equipo de traballo.				
Participa activamente no traballo en equipo				
Ten unha actitude de respecto e tolerancia cos compañeiros e compañeiras				
Mostra un dominio na materia obxecto da presentación				
A presentación da exposición do traballo é clara e concisa				
Mira ao interlocutor constantemente cando fala				
Contesta axeitadamente as posibles preguntas do profesor ou dos interlocutores				
Amosa interese e motivación pola presentación oral				

Rúbrica para a avaliación de traballos individuais

	Escasa consolidación (1)	Aprendizaxe media (2)	Boa aprendizaxe (3)	Excelencia (4)
Introdución do problema de estudo	Non se corresponde co traballo a realizar.	Está identificado parcialmente.	Está identificado pero non de forma clara.	Está identificado claramente.
Material	Incompleto e sen imaxes	Incompleto pero con algunhas imaxes	Completo pero faltan algunhas imaxes	Completo con todas as imaxes
Consistencia lóxica	Non existe consistencia lóxica	Hai pouca consistencia lóxica	Existe unha consistencia lóxica	Excelente consistencia lóxica.
Redacción	Difícil de entender.	Enténdese pero ten erros.	Fluida pero con algún erro.	Fluida con bo nivel.
Presentación	Sen elaborar.	Demasiado monótona.	Correcto, pero podería estar máis elaborado.	Moi ben elaborado esteticamente.
Conclusións	Non hai conclusión.	Hai unha conclusión confusa.	Hai unha conclusión cunha solución.	Hai unha conclusión elaborada con moitas solucións.
Bibliografía	Non hai bibliografía	Só recolle algunha fonte xa citada en clase	Recole varias fontes e algunhas son de búsqueda propia	Recole unha ampla bibliografía

Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente (indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
Proceso de ensino:				
1-O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2-Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3-Consegiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4-Consegiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5-Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6-Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7-Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8-Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9-Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				
Práctica docente:				
1-Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado?				
2-Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas precisas?				
3-Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?				
4-Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5-Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6-Intercálanse o traballo individual e en equipo?				
7-Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8-Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe?				
9-Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10-Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc?				
11-Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas/exames, etc?				
12-Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13-Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14-Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15-As medidas de apoio, reforzo, etc. establécense vinculadas aos estándares?				
16-Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,...?				

Rúbrica para avaliar a práctica docente:

Mensualmente farase unha revisión por parte do profesorado da programación didáctica para a adopción de medidas a tomar no caso de encontrar algún desfase da mesma no desenrolo do curso. Unha vez detectado o desfase tomaranse as medidas necesarias para corrixir a desviación de forma gradual para alcanzar o final do curso o desenrolo adecuado da mesma.

Mecanismos de avaliación e modificación da programación didáctica (indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1-Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2-Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3-O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4-Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5-Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6-Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas?				
7-Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8-Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación?				
9-Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10-Asociouse cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11-Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12-Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13-Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14-O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15-Deseñouse un plan de avaliación inicial fixado as consecuencias da mesma?				
16-Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17-Fixouse para o bacharelato un procedemento de acreditación de coñecementos previos?				
18-Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19-Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación?				
20-Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21-Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22-Establecéronse criterios para o seguimento das materias pendentes?				
23-Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24-Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25-Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26-Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE?				
27-Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28-Infórmanse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29-Infórmanse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D. 86/15)				
30-Seguíuse e revisouse a programación ao longo do curso?				
31-Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32-Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Os resultados desta avaliación serán analizados na comisión de coordinación pedagóxica na que se tomarán as decisións que fosen consideradas pertinentes.

Tamén se pode considerar a posibilidade de realizar un cuestionario de opinión do alumnado para valorar certos aspectos do ensino como se o profesor/a explica de xeito claro, amosa un bo coñecemento da materia que imparte, é motivador, fomenta a participación dos alumnos en clase, é cercano e está dispoñible para os alumnos que teñen dúbidas,... A realización deste cuestionario valorarase ao longo do curso e terase en conta a pertinencia tras consultar á dirección e o Departamento de Orientación do centro.

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.

A avaliación das materias pendentes seguirá o presente esquema xeral:

- Entrega por parte do Xefe de departamento nos meses de Outubro e Febreiro de dous boletíns de exercicios, cuestións e actividades de repaso que serán valoradas e aportarán un 30% á nota final. O prazo de entrega para o primeiro será a finais de Xaneiro e para o segundo a mediados de Abril.

O departamento convocará aos alumnos coa materia pendente a unha reunión na que se lles entregará estes exercicios de repaso que deberán entregar resoltos no prazo estipulado. Os alumnos e alumnas poderán consultar calquera dúbida que lles xurda co xefe de Departamento nos períodos de recreo, tempo utilizado para titorías, resolución de dúbidas ou calquera problema relacionado coa recuperación da materia. Estas datas serán establecidas nas primeiras semanas do curso, en función do horario do alumnado e do profesorado.

- Realización de dúas probas escritas nos meses de Febreiro e Maio que aportarán o 70% restante da nota (mediante a media aritmética de ambas cualificacións) e versarán sobre os mínimos establecidos para cada estándar de aprendizaxe e curso repartidos proporcionalmente e de acordo co propio alumnado pendente.

Considerarase a materia aprobada se o alumnado acada unha cualificación igual ou superior a 5; en caso contrario terá lugar unha proba final global no mes de Setembro baseada nos mesmos criterios mínimos da proba final de maio.

Os Criterios de avaliación mais detallados para os alumnos/as coa Física e Química pendente son os seguintes:

- 1.Será obrigatorio presentar debidamente realizados os boletíns de exercicios que o Departamento entregue aos alumnos coa materia pendente. A non entrega destes exercicios fará que a nota dependa exclusivamente do exame. Deberanse entregar as fotocopias cos exercicios propostos e as súas solucións en boas condicións. Non se

aceptarán rotos, dobrados,....

2. Non se aceptarán boletíns con preguntas sen resolver, sen a fotocopia das preguntas ou en mal estado. Todas as preguntas deberán contestarse en folios e non no propio boletín de exercicios. As dúbidas poderanse formular durante o prazo de realización.
3. A materia de cada curso, dividirase en dúas partes. A superación da primeira será eliminatoria de materia para a segunda, no caso de suspender a primeira proba, poderá presentarse á segunda proba .
4. Informarase ao alumno con antelación dos contidos a traballar en cada unha das partes na que se dividirá a materia e a continuación iránselle entregando os boletíns que debe traballar e posteriormente entregar.
5. No caso de non entregar os exercicios nas datas que sinale o Departamento por causa inxustificada, que o Departamento valorará, os alumnos perderán o dereito de realizar os exames parciais.
6. Todos os alumnos coa materia pendente, terán dereito a presentarse á proba final en maio coa totalidade da materia. A data desta proba comunicarse con tempo suficiente.
7. No caso de que un alumno non se presente por calquera motivo inxustifico á primeira proba, deberá presentarse á final do mes de maio.
8. Se o alumno (que deba presentarse) non comparece á proba de maio disposta pola lei vixente, implicará unha avaliación negativa da materia na respectiva convocatoria.
9. A avaliación da materia estará baseada nos criterios de avaliación mínimos.

Datas das probas:

No momento de redactar esta programación non está fixada a data exacta do exame final de pendentes, a cal realizarase no mes de maio, que serán comunicadas aos alumnos con tempo suficiente e seguindo as instrucións da dirección do centro, se procede.

10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial consistirá nunha proba escrita elaborada a partir dos EA do curso anterior. Nos casos de 3º ESO e 4º ESO a partir do nivel de esixencia da proba extraordinaria do ano anterior (setembro)

MEDIDAS A ADOPTAR:

No caso de detectar algún caso de dificultades académicas dalgún alumno, estudaremos e adoptaremos, se fose o caso, e sempre en coordinación co Departamento de Orientación:

Establecer algún REFORZO para aqueles alumnos que así o precisen. Neste curso aplicaremos esta medida ordinaria aqueles alumnos que son repetidores de 2ºESO e 3ºESO.

Se fose preciso facer unha ACs esta sería deseñada a partir dos contidos mínimos contemplados na materia de Física e Química, ben centrándose só neses mínimos ou incluso e excepcionalmente recortando algún deses mínimos.

As medidas a adoptar neses casos quedarán reflectidas nas actas do departamento se así fose preciso.

•No caso de Física e Química de 2ºESO, farase a partir dos estándares relacionados coa nosa materia e correspondente á materia de CCNN de 6º de primaria é os máis relacionados coa Física e Química de Matemáticas de 1º ESO (en colaboración con dito departamento).

COD.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE 6º DE PRIMARIA
CNB1.1. 1.	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.
CNB1.1. 2.	Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.

COD.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE 6º DE PRIMARIA
CNB1.1.3.	Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc).
CNB1.1.4.	Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.
CNB1.2.1.	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.
CNB1.3.1.	Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
CNB1.3.2.	Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.
CNB1.4.1.	Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.
CNB1.4.2.	Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.
CNB4.1.1.	Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado.
CNB4.1.2.	Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.
CNB4.2.1.	Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química.
CNB4.2.2.	Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.
CNB4.3.1.	Planifica e realiza sinxelas experiencias e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía, comunicando o proceso seguido e o resultado obtido.
CNB4.3.2.	Observa de xeito sistemático, aprecia e explica os efectos da calor no aumento de temperatura e dilatación dalgúns materiais.
CNB4.4.1 I	Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.
CNB4.4.2.	Separa os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.
CNB4.4.3.	Presenta conclusións de procesos de investigación, experiencias sinxelas ou proxectos sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, en diferentes soportes.
CNB4.4.4.	Identifica e expón as principais características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.
CNB4.4.5.	Respecta as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.

COD.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE 6º DE PRIMARIA
CNB5.1.1.	Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan.
CNB5.1.2.	Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas.
CNB5.1.3.	Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e dos aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.
CNB5.2.1.	Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.)
CNB5.3.1.	Identifica os elementos dun circuíto eléctrico, constrúe un e explica algúns efectos da electricidade.
CNB5.3.2.	Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo.
CNB5.4.1.	Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.
CNB5.4.2.	Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.

COD.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE 1º DE ESO _ Matemáticas.
MAB1.1.1.	Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.
MAB1.2.2.	Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.
MAB1.2.3.	Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.
MAB1.2.4.	Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.
MAB1.3.2.	Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade.
MAB1.4.1.	Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.
MAB1.4.2.	Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.
MAB1.5.1.	Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).
MAB1.6.1.	Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.
MAB1.6.2.	Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.

COD.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE 1º DE ESO _ Matemáticas.
MAB1.6.3.	Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.
MAB1.6.4.	Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.
MAB1.6.5.	Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.
MAB1.7.1.	Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.
MAB1.8.1.	Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).
MAB1.8.2.	Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.
MAB1.8.3.	Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.
MAB1.8.4.	Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.
MAB1.8.5.	Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.
MAB1.9.1.	Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.
MAB1.10.1	Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares.
MAB1.11.1	Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.
MAB1.11.2	Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.
MAB1.11.3	Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.
MAB1.11.4	Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.
MAB1.11.5	Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.
MAB1.12.1	Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión.
MAB1.12.2	Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.
MAB1.12.3	Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.

COD.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE 1º DE ESO _ Matemáticas.
MAB1.12.4	Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.
MAB2.1.1.	Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.
MAB2.1.2.	Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.
MAB2.1.3.	Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.
MAB2.2.1.	Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisibilidade e operacións elementais.
MAB2.2.2.	Aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 11 para descompoñer en factores primos números naturais, e emprégalos en exercicios, actividades e problemas contextualizados.
MAB2.2.3.	Identifica e calcula o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais mediante o algoritmo axeitado, e aplícao problemas contextualizados.
MAB2.2.4.	Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.
MAB2.2.5.	Calcula e interpreta adecuadamente o oposto e o valor absoluto dun número enteiro, comprendendo o seu significado e contextualizándoo en problemas da vida real.
MAB2.2.6.	Realiza operacións de redondeo e truncamento de números decimais, coñecendo o grao de aproximación, e aplícao a casos concretos.
MAB2.2.7.	Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas.
MAB2.2.8.	Utiliza a notación científica, e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes.
MAB2.3.1.	Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.
MAB2.4.1.	Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema.
MAB2.4.2.	Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.
MAB2.5.1.	Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de conversión ou cálculo de porcentaxes) e emprégas para resolver problemas en situacións cotiás.
MAB2.6.1.	Describe situacións ou enunciados que dependen de cantidades variables ou descoñecidas e secuencias lóxicas ou regularidades, mediante expresións alxébricas, e opera con elas.

COD.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE 1º DE ESO _ Matemáticas.
MAB2.6.2.	Identifica propiedades e leis xerais a partir do estudo de procesos numéricos recorrentes ou cambiantes, exprésaaas mediante a linguaxe alxébrica e utilízaaas para facer predicións.
MAB2.7.1.	Comproba, dada unha ecuación, se un número é solución desta.
MAB2.7.2.	Formula alxebricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro grao, resólvea e interpreta o resultado obtido.
MAB3.1.1.	Recoñece e describe as propiedades características dos polígonos regulares (ángulos interiores, ángulos centrais, diagonais, apotema, simetrías, etc.).
MAB3.1.2.	Define os elementos característicos dos triángulos, trazando estes e coñecendo a propiedade común a cada un deles, e clasifícaos atendendo tanto aos seus lados como aos seus ángulos.
MAB3.1.3.	Clasifica os cuadriláteros e os paralelogramos atendendo ao paralelismo entre os seus lados opostos e coñecendo as súas propiedades referentes a ángulos, lados e diagonais.
MAB3.1.4.	Identifica as propiedades xeométricas que caracterizan os puntos da circunferencia e o círculo.
MAB3.2.1.	Resolve problemas relacionados con distancias, perímetros, superficies e ángulos de figuras planas, en contextos da vida real, utilizando as ferramentas tecnolóxicas e as técnicas xeométricas máis apropiadas.
MAB3.2.2.	Calcula a lonxitude da circunferencia, a área do círculo, a lonxitude dun arco e a área dun sector circular, e aplícaas para resolver problemas xeométricos.
MAB3.3.1.	Analiza e identifica as características de corpos xeométricos, utilizando a linguaxe xeométrica axeitada.
MAB3.3.2.	Constrúe seccións sinxelas dos corpos xeométricos, a partir de cortes con planos, mentalmente e utilizando os medios tecnolóxicos axeitados.
MAB3.3.3.	Identifica os corpos xeométricos a partir dos seus desenvolvementos planos e reciprocamente.
MAB3.4.1.	Resolve problemas da realidade mediante o cálculo de áreas e volumes de corpos xeométricos, utilizando as linguaxes xeométrica e alxébrica adecuadas.
MAB4.1.1.	Localiza puntos no plano a partir das súas coordenadas e nomea puntos do plano escribindo as súas coordenadas.
MAB4.2.1.	Pasa dunhas formas de representación dunha función a outras e elixe a máis adecuada en función do contexto.
MAB4.3.1.	Recoñece se unha gráfica representa ou non unha función.
MAB4.4.1.	Recoñece e representa unha función lineal a partir da ecuación ou dunha táboa de valores, e obtén a pendente da recta correspondente.
MAB4.4.2.	Obtén a ecuación dunha recta a partir da gráfica ou táboa de valores.
MAB4.4.3.	Escribe a ecuación correspondente á relación lineal existente entre dúas magnitudes e represéntaa.
MAB4.4.4.	Estuda situacións reais sinxelas e, apoiándose en recursos tecnolóxicos, identifica o modelo matemático funcional (lineal ou afín) máis axeitado para explicalas, e realiza predicións e simulacións sobre o seu comportamento.

COD.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE 1º DE ESO _ Matemáticas.
MAB5.1.1.	Comprende o significado de poboación, mostra e individuo desde o punto de vista da estatística, entende que as mostras se empregan para obter información da poboación cando son representativas, e aplícaos a casos concretos.
MAB5.1.2.	Recoñece e propón exemplos de distintos tipos de variables estatísticas, tanto cualitativas como cuantitativas.
MAB5.1.3.	Organiza datos obtidos dunha poboación de variables cualitativas ou cuantitativas en táboas, calcula e interpreta as súas frecuencias absolutas, relativas e acumuladas, e represéntaos graficamente.
MAB5.1.4.	Calcula a media aritmética, a mediana (intervalo mediano) e a moda (intervalo modal), e emprégaos para interpretar un conxunto de datos elixindo o máis axeitado, e para resolver problemas.
MAB5.1.5.	Interpreta gráficos estatísticos sinxelos recollidos en medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá.
MAB5.2.1.	Emprega a calculadora e ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficos estatísticos e calcular as medidas de tendencia central.
MAB5.2.2.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para comunicar información resumida e relevante sobre unha variable estatística analizada.
MAB5.3.1.	Identifica os experimentos aleatorios e distíngueos dos deterministas.
MAB5.3.2.	Calcula a frecuencia relativa dun suceso mediante a experimentación.
MAB5.3.3.	Realiza predicións sobre un fenómeno aleatorio a partir do cálculo exacto da súa probabilidade ou a aproximación desta mediante a experimentación.
MAB5.4.1.	Describe experimentos aleatorios sinxelos e enumera todos os resultados posibles, apoiándose en táboas, recontos ou diagramas en árbore sinxelos.
MAB5.4.2.	Distingue entre sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.
MAB5.4.3.	Calcula a probabilidade de sucesos asociados a experimentos sinxelos mediante a regra de Laplace, e exprésaa en forma de fracción e como porcentaxe.

•No caso de 3ºESO, faremos o propio a partir dos mínimos esixibles dos EA CONCRETOS de 2ºESO, que xa están detallados anteriormente na programación

•No caso de 4ºESO, faremos o propio a partir dos mínimos esixibles dos EA concretos de 3ºESO, que xa están detallados anteriormente na programación

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A orientación é unha actividade educativa con diferentes ámbitos ou dimensións. Por un lado, diríxese á mellora dos procesos de ensino e, en particular á adaptación da resposta escolar á diversidade de necesidades do alumnado; por outro, diríxese a garantir o desenvolvemento das capacidades que facilitan a madurez dos nenos e das nenas, e que lles permitan adquirir unha progresiva autonomía cognitiva, persoal e social ao longo da Educación Secundaria Obrigatoria.

Nos instrumentos de planificación institucional deberán establecerse os mecanismos necesarios para facilitar unha resposta adecuada ás necesidades educativas do alumnado. Estas respostas poden ser de dous tipos:

- As respostas de tipo curricular, que se concretan na elaboración, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares con distintos graos de significatividade.
- As respostas organizativas, que teñen que ver coa organización dos recursos humanos e materiais do centro para atender este alumnado e coa planificación das medidas educativas máis adecuadas.

A Orientación Educativa organízase en tres niveis que van desde a acción titorial, desenvolta na aula, e as tarefas orientadoras que realizan os Departamentos de Orientación, ata as actuacións complementarias dos equipos de apoio externo. Aínda que cada un destes niveis ten funcións específicas, complementáanse entre si, dado que comparten a mesma finalidade e obxectivos xerais comúns: a personalización da educación e a contribución ao desenvolvemento dos obxectivos establecidos nesta etapa educativa.

A intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

Para que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo ao que se refire o artigo 71 da Lei Orgánica de Educación 2/2006, de 3 de maio e as modificacións que incorpora a LOMCE (Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) con respecto a dito artigo nos seus apartados 1 e 2, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu adecuado progreso.

Poderanse tomar medidas de reforzo como o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo. Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave.

A escolarización do alumnado que se incorpora tardiamente ao sistema educativo realizarase atendendo as súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico.

Cando os alumnos presenten graves carencias na lingua de escolarización do centro, recibirán unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización nos grupos ordinarios, cos que compartirán o maior tempo posible do horario semanal.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal polo persoal coa debida cualificación e nos termos que determinen as administracións educativas, flexibilizarase de forma que poida anticiparse un curso ao inicio da escolarización na etapa ou reducirse a súa duración, cando se prevea que son estas as medidas máis adecuadas para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e da súa socialización.

A acción titorial está ligada a unha visión integral da educación, cuxo fin é a formación de persoas que, ademais de dispor de coñecementos, desenvolvan o conxunto das súas potencialidades e saiban desenvolverse no mundo actual.

O Plan de Acción Titorial tenderá a favorecer o seguemento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado e establecerá medidas que permitan manter unha comunicación fluída coas familias, tanto co fin de intercambiar informacións sobre aqueles aspectos que poidan resultar relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe dos alumnos, como para orientarles e promover a súa cooperación.

Así mesmo, asegurará a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións mediante procedementos de coordinación do equipo educativo que permitan adoptar acordos sobre a avaliación e sobre as medidas que deben poñerse en marcha para responder as necesidades detectadas.

Os principios que rexen a orientación e a acción titorial concréntanse nos seguintes obxectivos:

- a)Facilitar a integración dos alumnos no seu grupo e no conxunto da dinámica do colexio.
- b)Potenciar o esforzo individual e o traballo en equipo.
- c)Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores; e a progresiva toma de decisións.
- d)Proporcionarlles aos alumnos unha orientación educativa adecuada, conforme ás súas aptitudes, necesidades e intereses, a través dunha actuación titorial individualizada e planificada.

- e) Efectuar un seguemento global da aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais e recorrer aos apoios ou actividades adecuadas.
- f) Promover o desenvolvemento de habilidades sociais básicas, fomentando actividades de cooperación e solidariedade cos demais e aprendendo a resolver pacificamente os conflitos entre iguais.
- g) Favorecer procesos de mellora educativa a través da programación de actividades formativas por parte dos equipos docentes, e a coordinación co equipo de apoio, realizando as adaptacións curriculares necesarias.
- h) Contribuír á adecuada interacción entre os integrantes da comunidade educativa e establecer os cauces de colaboración, apoio e asesoramento coas familias para o logro dun desenvolvemento integral dos seus fillos e fillas.

No suposto de presentarse necesidades educativas de carácter significativo se realízanse as oportunas medidas de atención á diversidade (curriculares ou organizativas) en coordinación co Departamento Didáctico e baixo o asesoramento do Departamento de Orientación.

Trátase de atender á diversidade do alumnado con ritmos de aprendizaxe, motivacións, intereses e dispoñibilidade persoal diferentes, pondo ao dispor do alumnado actividades con diferentes graos de complexidade ou dificultade que permitan progresar en función das posibilidades de cadaquén.

Medidas específicas e concretas de apoio educativo que podemos facer:

- **Recuperación:** dependerá das dificultades atopadas. Fichas de resolución de problemas de paso a paso. Material de avaliación, repaso e reforzo das editoriais empregadas e outro material facilitado polo profesor.
- **Reforzo:** Traballos para casa, fichas para os alumnos. Baseado nos materiais de reforzo facilitados polas editoriais.
- **Actividades de Ampliación:** recorte de prensa / artigo histórico, resumo do texto, ideas principais, comentario de texto, exercicios,... Tamén baseados nos materiais de ampliación facilitados polas editoriais e/ou material facilitado polo profesor.
- **Necesidades educativas de carácter significativo:** deberán diferenciarse os alumnos que requiren necesidades específicas de apoio educativo en función das súas particularidades, que poden agruparse en estes tres ámbitos:

- En primeiro lugar, deberán cubrirse as necesidades educativas especiais.
- En segundo lugar, teranse en conta aqueles casos que representan unha incorporación tardía ao Sistema Educativo.
- En terceiro lugar, deberá prestárselles unha atención especial a aqueles alumnos que dispoñan dunhas altas capacidades intelectuais.
- Por último, prestaráselles igualmente unha atención especial a aqueles alumnos e alumnas con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH).

Debe sinalarse que a atención a estes catro grupos de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo non debe desvirtuar o que debe ser a intención fundamental do centro educativo en xeral e de cada curso en particular, que persegue a educación integral de todos os alumnos e que se materializa na necesaria integración de todo o alumnado.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.

Desde a materia de Física e Química incluiremos o tratamento dos temas transversais contemplados na LOMCE:

- Comprensión lectora:** textos do libro, de internet, lecturas de artigos científicos,...
- Expresión oral e escrita:** tomaremos nota de estes dous apartados tanto no emprego diario na clase do vocabulario, como nas achegas feitas a través de tarefas, traballos e exames escritos.
- Comunicación audiovisual:** empregaremos diferentes elementos audiovisuais no traballo diario e nas tarefas individuais e en grupo para que os alumnos se familiaricen e traballen estes elementos tan importantes na sociedade actual.
- Tratamento das TIC:** empregaremos as TIC para a comunicación cos alumnos (EDMODO, aula virtual,...) e na realización de tarefas para entregarao profesor. Incidiremos na procura e

selección da información.(adequación e contraste dos contidos)

•**Emprendemento:** fomentaremos o emprendemento individual dos alumnos na realización de tarefas individuais e en grupo con guión para desenvolver.

•**Educación cívica e constitucional:** importancia do traballo colaborativo (grupos) e o respecto polas opinións dos demais.

•**Valores persoais:** tentaremos favorecer as achegas individuais de todos os alumnos ás tarefas e traballo diario na clase.

Para a realización dos puntos anteriores traballarase:

A. TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA.

De acordo co establecido no anexo V do Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no marco da Lei orgánica de educación, o Departamento de Física e Química vai fomentar a lectura entre o seu alumnado, para o cal se suxerirán diferentes lecturas de libros, revistas, ou recortes de prensa, dependendo das existencias no centro de ensino.

O plan de lectura defínese como un plan global que forma parte do PEC e que considera a lectura-escritura como ferramentas imprescindibles da aprendizaxe .

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.

Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.

Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión.

Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

“O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura”.

Seguimento e avaliación.

Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura.

Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

Con estas premisas, as propostas para este curso son as seguintes:

-Ademais dos exercicios de comprensión lectora que figuran nos materias curriculares na aula, poderán traballarse textos agrupados baixo o denominador común de “Ciencia” e que poderán ser seleccionados dos libros dispoñibles na Biblioteca do centro, de publicacións electrónicas, ou revistas de divulgación científica. Tamén se poderán ler textos xornalísticos nos que se comenten novidades nos campos da Ciencia e a Tecnoloxía e as súas implicacións socioeconómicas e medioambientais.

-Ao final da lectura, poderá pedírselles aos alumnos que desenvolvan algunha actividade relacionada coa lectura como resúmen, presentación pública, etc. que poderán formar parte da cualificación do trimestre no apartado correspondente a

traballos e investigacións.

Selección de lecturas da materia de Física e Química dispoñibles na BIBLIOTECA do IES AS BIZOCAS e que recomenda o departamento de Física e Química:

Yo, robot

Autor/es: Bosch Barret, Manuel / Asimov, Isaac

Editorial: Edhasa 1992

Serie: POCKET

Localización: 834/ASI/por Estado: Dispoñible Rexistro: 6249

Cien preguntas básicas sobre la ciencia

Autor/es: Asimov, Isaac

Editorial: Alianza 1999

Serie: EL LIBRO DE BOLSILLO

Materias: Ciencia - Obras de divulgación

Localización: 53/ASI/cie Estado: Dispoñible Rexistro: 6250

Cuestiones curiosas de ciencia

Editorial: Alianza [2006]

Serie: EL LIBRO DE BOLSILLO

Materias: Ciencias - Curiosidades

Localización: 5/SCI/cue Estado: Dispoñible Rexistro: 6898

Cuestiones curiosas de química

Autor/es: Mulero, María Remedios / Guerra, Juan Francisco / Vinagre Arias, Francisco

Editorial: Alianza Editorial 1998

Serie: EL LIBRO DE BOLSILLO

Materias: Química - Obras de divulgación

Localización: 54/VIN/cue Estado: Dispoñible Rexistro: 6550

Serendipia

Autor/es: Roberts, Royston M

Editorial: Alianza Editorial 2004

Serie: EL LIBRO DE BOLSILLO

Materias: Azar en los descubrimientos científicos

Localización: 52/ROB/ser Estado: Disponible Registro: 6549

Ciencia para Nicolás

Autor/es: Chordá, Carlos

Editorial: Laetoli 2005

Serie: Colección Las dos culturas

Materias: Divulgación científica

Localización: 53/CHOR/cie Estado: Disponible Registro: 6608

Ciencia alucinante

Autor/es: Holper, Paul / Torok, Simon

Editorial: Oniro [2005]

Serie: El juego de la ciencia

Materias: Descubrimientos científicos / Ciencia - Experimentos

Localización: 53/TOR/cie Estado: Disponible Registro: 6607

La prodigiosa penicilina de Fleming

Autor/es: Camacho Arias, José

Editorial: Nivola 2001

Serie: Científicos para la historia

Materias: Fleming, Alexander - Biografías

Localización: 92/CAM/pro Estado: Disponible Registro: 6764

Albert Einstein y su explosivo universo

Autor/es: Blanco Laserna, David / Reeve, Philip / Goldsmith, Mike

Editorial: El rompecabezas 2006

Materias: Einstein, Albert

Localización: 92/GOL/ein Estado: Disponible Registro: 6789

Arquímedes el despistado

Autor/es: Fraguas González, Raquel / Blanco Laserna, David / Blanco Laserna, Luis

Editorial: El Rompecabezas [2005]

Materias: Arquímedes - Libros infantiles

Localización: 834/BLA/arq Estado: Disponible Registro: 6865

Momentos estelares de la ciencia

Autor/es: Asimov, Isaac

Editorial: Alianza Editorial 1999

Materias: Científicos - Biografías

Localización: 92/ASI/mom Estado: Disponible Registro: 6551

Trucos, juegos y experimentos

Editorial: Oniro [2003]

Serie: El juego de la ciencia

Materias: Física - Experimentos / Química - Experimentos

Localización: 53/tru Estado: Disponible Registro: 6924

Ejercicios de física para la ESO

Autor/es: Unturbe, María Carmen / Tejero, David

Editorial: Espasa Calpe 2004

Serie: Colección chuletas

Materias: Física

Localización: 53/TEJ/eje Estado: Disponible Registro: 6645

Física fácil para la ESO

Autor/es: Unturbe, María Carmen / Tejero, David

Editorial: Espasa Calpe 2000

Serie: Chuletas

Materias: Física - Libros infantiles

Localización: 53/TEJ/fís Estado: Disponible Registro: 6650

¡Funciona! prácticas sinxelas de Física e Química

Autor/es: Vilalta López, Ramón

Editorial: Baía 2002

Serie: Todo vai (Baía)

Materias: Química - Libros infantiles / Física

Localización: 53/VIL/fun Estado: Disponible Registro: 6858

Jugando con la luz

Autor/es: Mejías, Pedro M

Editorial: Nivola [2005]

Serie: Violeta

Materias: Física recreativa

Localización: 53/jug Estado: Disponible Rexistro: 6606

Diccionario de física

Autor/es: Guillín Fraga, Juan José / Varela Caamaño, Antonio / Vilalta López, Ramón

Editorial: Baía 2005

Serie: Diccionarios temáticos Baía

Materias: Física - Diccionarios - Lengua gallega

Localización: 53(038)/VIL/dic Estado: Disponible Rexistro: 6854

Quién es quién en la ciencia

Autor/es: Bergia, Silvio / Gottardi, Giovanni / Dragoni, Giorgio

Editorial: Acento [2004]

Serie: Archivos Acento

Materias: Científicos - Diccionarios - Biografías

Localización: 5/DRA/qui Estado: Disponible Rexistro: 6740

Grandes ideas de la ciencia

Autor/es: Asimov, Isaac

Editorial: Alianza 1999

Serie: EL LIBRO DE BOLSILLO

Materias: Descubrimientos científicos

Localización: 55/ASI/gra Estado: Disponible Rexistro: 6576

A. TRATAMIENTO E FOMENTO DAS TIC's.

De acordo co establecido no anexo VI do Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no marco da Lei orgánica de educación, o Departamento de Física e Química vai fomentar entre o seu alumnado o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación coa finalidade de que estas se incorporen como un recurso máis ós procesos de ensino-aprendizaxe. Desta maneira, contribuírase para que ó rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital.

En xeral, a aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ó traballo da aula utilizarase para que o alumnado desenvolva habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, é dicir, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en

distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

O profesorado do Departamento de Física e Química proporcionará información sobre páxinas web que sexan de interese para a materia, de modo que os alumnos poidan realizar consultas autónomas sobre dúbidas, buscar información para o desenvolvemento de certos traballos, etc. Asimesmo, fomentárase que os alumnos nas memorias das practicas de laboratorio usen procesador de texto.

Máis en concreto, algúns dos obxectivos xerais son:

- ✓ Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- ✓ Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- ✓ Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- ✓ Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- ✓ Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ó aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
- ✓ Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotiá e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- ✓ Consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e a comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- ✓ Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
- ✓ Lograr a integración das tecnoloxías da información e a comunicación como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con tódolos axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.

Tendo en conta estes principios, desde o Departamento, propóñense as seguintes iniciativas:

- ✓ Uso da páxina Web do centro como plataforma de comunicación e de consulta de información por parte do profesorado e o alumnado. Para facilitar a tarefa do alumnado á hora de buscar información en internet sobre un tema, é conveniente ofrecerlles enlaces adecuados que lles permitan concretar e non perderse na gran extensión da rede.
- ✓ Integración nas actividades de aula das TIC. Por exemplo, na exposición maxistral usando presentacións informáticas (sempre e cando o material informático dispoñible no centro o permita) e software de simulación. Será moi útil para a realización de prácticas virtuais.
- ✓ Utilización de recursos audiovisuais e de medios en soporte informático
- ✓ Estudo e análise de situacións reais que se coñecen a través dos medios de comunicación. Fundamentalmente introducindo artigos de prensa escrita ou acudindo a direccións na Web. Procurarase tamén neste contexto a introdución de temas transversais relacionados con educación para a saúde, coñecemento e conservación do medio físico, o tráfico, etc.

O departamento introducirá no desenvolvemento das sesións correspondentes a cada unidade didáctica os **contidos interdisciplinares** que se poden abordar desde a materia de Física e Química, poden ser, entre outros:

-Contidos de **Matemáticas**: A Física e a Química recibe das matemáticas o seu simbolismo e o soporte da álgebra, xeometría, trigonometría, cálculo diferencial e integral, representacións gráficas...

-Contidos de **Tecnoloxía**: compartimos procedementos (realización de proxectos, investigacións bibliográficas...) así como as actitudes de valoración do traballo en equipo. Ademais compartimos contidos conceptuais relacionados coa electricidade e electrónica, materiais, etc.

-Contidos de **Bioloxía**: A Química comparte coa Bioloxía os contidos da Química

Orgánica e os procedementos á hora da realización das prácticas de laboratorio así como o traballo en grupo. Ademais as dúas materias proporcionan os coñecementos necesarios para entender as implicacións medioambientais da actividade humana.

-Contidos de **Linguas**: A lingua como vehículo de comunicación. Ademais trataremos de manexar material bibliográfico e de consulta en galego, en castelán e en inglés.

-Contidos de **Informática**: A elaboración de traballos implica a utilización de ferramentas informáticas (ofimática: procesador de textos, bases de datos, follas de cálculo). Empregaremos INTERNET como fonte de información e de consulta.

-Contidos de **Historia, Filosofía e Economía**. Os avances científicos deben estar contextualizados no marco socioeconómico no que se desenvolven para entender as súas implicacións. É necesario reflexionar sobre as relacións entre Ciencia, Tecnoloxía e Sociedade.

Desde o Departamento de Física e Química participaremos e colaboraremos en todas aquelas actividades que se propoñan desde o Centro para a celebración das conmemoracións previstas no calendario escolar.

Conmemoracións establecidas na ORDE do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

– 20 de novembro de 2019: Día Universal da Infancia.

– 25 de novembro de 2019: Día Internacional contra a Violencia de Xénero

– Do 2 ao 9 de decembro de 2019: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.

– 3 de decembro de 2019: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

– 10 de decembro de 2019: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

– 30 de xaneiro de 2020: Día Escolar da non Violencia e da Paz.

– 8 de marzo de 2020: Día Internacional da Muller.

– 15 de marzo de 2020: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.

– Do 9 ao 13 de marzo de 2020: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula

con xornais.

- 7 de abril de 2020: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 20 e o 24 de abril de 2020: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2020: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2020: Día de Europa.
- Do 11 ao 15 de maio de 2020: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2020: Día Mundial do Medio Ambiente

Desde o noso centro intentarase conmemorar todas esas datas falando en clase sobre os temas en cuestión relacionados con cada data aínda que especificamente e de forma máis activa o centro centrarase en conmemorar as seguintes datas;

- **20 de novembro de 2019: Día Universal da Infancia. (1ª avaliación)**
- **25 de novembro de 2019: Día Internacional contra a Violencia de Xénero. (1ª avaliación)**
- **7 de abril de 2020: Día Mundial da Saúde. (3ª avaliación)**
- **Do 11 ao 15 de maio de 2020: Semana das Letras Galegas. (3ª avaliación)**

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.

Contribución desde o departamento de Física e Química:

•**Actividades extraescolares e complementarias:** desde o departamento de Física e Química este ano non temos prevista a participación e ou organización de ningunha saída nin actividade extraescolar.

De calquera xeito, se finalmente xurde algunha opción interesante, ben para organizar desde o noso departamento , ben en colaboración con outros departamentos farémolo e deixaremos rexistrado nas actas do departamento, de cara a modificar a PDA para vindeiros cursos.

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Tendo en conta os resultados da aplicación da rúbrica mencionada no apartado 7 desta programación (Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente) e da aplicación da enquisa ao alumnado (se se considera pertinente facela e contando co permiso da Dirección do centro), desde o Departamento de Física e Química estableceranse os mecanismos de revisión da programación axeitados para mellorar os aspectos non acadados ou acadados de xeito pouco notable á vista da rúbrica de avaliación do ensino.

As medidas poden ter que ver con aspectos académicos (axeitada temporización dos estándares de aprendizaxe, axeitado proceso de avaliación dos estándares,...), de actitude por parte do profesorado da materia, ... pero a priori resulta imposible predicir o resultado e, por tanto, as medidas a tomar (reestruturar a disposición dos alumnos en clase, traballar máis ou menos no laboratorio, realizar máis ou menos actividades de cálculo ou prácticas, ...).

Unha vez rematada cada avaliación e de xeito especial a final de curso, no departamento faremos un proceso de autocrítica para analizar:

- 1.Resultados obtidos
- 2.Análise das dificultades atopadas
- 3.Solucións a adoptar: propostas de mellora
- 4.Tomaremos en consideración esas propostas de mellora para a elaboración da próxima PDA.

Para isto empregaremos a seguinte táboa de seguimento cos puntos a analizar, análise do resultado e propostas de mellora.(este recadro poderá ser modificado ao longo do curso)

CRITERIO	Traballamos todos os contidos propostos?
ANÁLISE	
CONCLUSIÓN	
CRITERIO	Acadaronse todos os EA de aprendizaxe propostos?
ANÁLISE	
CONCLUSIÓN	
CRITERIO	Fixemos a avaliación segundo os criterios establecidos e usamos os procedementos e instrumentos propostos?
ANÁLISE	
CONCLUSIÓN	
CRITERIO	Aplicamos os criterios de cualificación acordados?
ANÁLISE	
CONCLUSIÓN	
CRITERIO	Aplicáronse as medidas de atención á diversidade?
ANÁLISE	
CONCLUSIÓN	
CRITERIO	Usamos os recursos humanos e materiais segundo o programado?
ANÁLISE	
CONCLUSIÓN	
CRITERIO	Os resultados das avaliacións son as esperadas?
ANÁLISE	
CONCLUSIÓN	
CRITERIO	Adecuación da programación ao contexto
ANÁLISE	
CONCLUSIÓN	
CRITERIO	Xurdiron problemas ou necesidades non previstas que esixan ser consideradas?
ANÁLISE	
CONCLUSIÓN	

O Grove, 30 de Setembro de 2019

Asinado:

Isidoro Serantes Pombo

Ana González Oreiro